




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/19380/2022 07/09/2022

Area / Unidade RR.HH PE0000 CLR	Documento 1081610BZV	
Código de verificación  5F4S 353B 4A3E 5X19 009R	Expediente 108/2022/1430	
	Data 02-09-2022	

**Asunto:** Cobertura, en comisión de servicios, do posto de Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda (nº ref. posto 1559).

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** Con data 23/06/2022 a Directora de Urbanismo, remite ao servizo de RR.HH. unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servizos, do posto de Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda.

Dita cobertura temporal de posto solicítase porque considerase imprescindible para poder atender a carga de traballo existente na actualidade no Servizo de Rehabilitación e Vivenda. Ademais das funcións ordinarias de xefatura de sección, por mor da escasez de persoal no servizo, tamén se realizan dende esta xefatura outras tarefas relacionadas coas competencias do servizo.

**Segundo.-** Con data 22 de xullo de 2022 o Servizo de RR.HH. publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, entre outros, do seguinte posto de traballo, en base a petición efectuada pola Directora de Urbanismo:

1. Xefatura de sección de xestión admva. de Rehabilitación (Servizo Rehabilitación e vivenda), referencia 1559

O persoal funcionario de carreira que cumpra os requisitos esixidos na RPT e que quera participar nesta convocatoria deberá presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no xestor de contidos ALFRESCO e na sede electrónica municipal.

**Terceiro.** As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Rehabilitación e Vivenda	RV3000	Xestión Administrativa Rehabilitación e Vivenda	Xef. Sección	1559	A1/A2	24	AX	FR11 ED

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeira.-** O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento

Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

**Segunda.-** O xefe de Departamento de Xestión de RR.HH. có conforme do director de Economía, Facenda e Réxime Interior, unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, así como o informe do Xefe de Servizo de Rehabilitación e Vivenda có conforme da Directora de Urbanismo, remite ao servizo de RR.HH. unha proposta de nomeamento de Dona Cristina Vérez Vilas, en comisión de servizos, no posto de Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda (nº ref. posto 1559).

**Terceira.-** Considerando a urxente necesidade de cobertura dun posto de Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda (nº ref. posto 1559) e có fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Rehabilitación e Vivenda, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Cristina Vérez Vilas, en comisión de servizos, ao posto de traballo Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda, co número 1559 na RPT.

**Cuarta.-** Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Rehabilitación e Vivenda	RV3000	Xestión Administrativa Rehabilitación e Vivenda	Xef. Sección	1559	A1/A2	24	AX	FR11 ED

**Quinta.** O posto de orixe de Dona Cristina Vérez Vilas, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Planeamento e Xestión	UR2300	Apoio Administrativo Planeamento e Xestión	Técnico Superior de Xestión	1656	A1	22	AG	FR10

**Sexta.-** Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 1522, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

**Sétima.-** O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP nº 124 de 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.



Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

**RESOLVE:**

1.- Destinar a Dona Cristina Vérez Vilas (NIF \*\*9087\*\*\*), en comisión de servizos, ao posto de Xefatura de Sección de Xestión Administrativa de Rehabilitación e Vivenda (nº ref. posto 1559). As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Rehabilitación e Vivenda	RV3000	Xestión Administrativa Rehabilitación e Vivenda	Xef. Sección	1559	A1/A2	24	AX	FR11 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

2.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

3.- Notificar a presente resolución á interesada e á Directora de Urbanismo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

José Manuel Lage Tuñas